

## **COMUNICADO SOBRE A REVÁLIDA DE 3º ED. PRIMARIA.**

A Confederación Galega de Anpas de Centros Públicos remitíu nos primeiros días do mes de abril un escrito ao Conselleiro de Educación solicitándolle información sobre a incidencia da proba externa no expediente do alumnado así como os reforzos e as axudas previstas para os alumnos e/ou grupos de aula que non superen a proba. Ata o día de hoxe non obtivemos resposta por escrito e o Consello Escolar de Galicia remitíunos á Consellería.

Este silencio por parte da Administración nos preocupa e o noso deber é transmitirillelo así ás familias.

O que se propón avaliar coa reválida son os resultados obtidos polo alumnado en dous campos concretos: os de competencias lingüísticas e matemática. Non avalía nada máis, nin o entorno socio-económico e cultural no que se sitúa o centro educativo nin os programas, recursos, etc. que se están aplicando no centro; nin sequera a situación de partida do alumnado avaliado.

O que prima, seguindo o espírito da LOMCE que nós rexeitamos, son as cualificacións, os resultados: non importan os procesos educativos nin a forma de aprender. Isto levará a unha clasificación do alumnado segundo a cualificación obtida e a un ranking de centros escolares en función tamén dun resultado.

Por segregadora, por antipedagóxica e por resultadista CONFAPA-GALICIA rexeita frontalmente a proba externa pensada para 3º de Educación Primaria á que seguirán outras probas similares ao longo do periplo académico dos nosos fillos e fillas no marco dunha Lei Educativa feita sen contar cos axentes educativos e aprobada por un único partido político.

A través das catro federacións que compoñen CONFAPA-GALICIA, iníciase o despliegue a cada Asociación de Nais e Pais do Alumnado de documentos para que as familias, libremente, decidan sobre a conveniencia ou non de que as súas fillas e os seus fillos se presten a un experimento do que nada positivo van a obter, dado o silencio da Consellería sobre o asunto.

Reclamamos ao Conselleiro de Educación unha información seria e veraz sobre esta proba externa. Non estamos dispostos a que se confunda aos cidadáns facendo referencias ás avaliacións de diagnóstico que nada tiñan que ver cunha reválida externa. Queremos unha resposta detallada e por escrito ao que hai tempo lle demandamos.--